

CONCELLO
DE VIGO



Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

Exp 47855-220

Asunto: Modificación da data de realización do exame da OEP 2020-2021-2022 (3ª Fase).
Praza Inspector/a control concesionarias.

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/02/2026, aprobáronse as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas, a designación dos órganos de selección, así como as datas e lugares de celebración do primeiro exercicio dos procesos selectivos correspondentes á 3ª fase da Oferta de Emprego Público dos anos 2020, 2021 e 2022, acordo publicado no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 44, de data 5/03/2026. No devandito acordo fixouse como data de celebración do primeiro exercicio para a provisión da praza de Inspector/a de Control de Concesionarias o día 12/05/2026.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 6/03/2026, apróboase a rectificación do erro advertido no acordo de aprobación das listas provisionais de persoas admitidas e excluídas, designación dos órganos de selección, datas e lugares de celebración do primeiro exercicio. O anuncio foi publicado no BOPPO núm. 50, de data 13/03/2026.

Por resolución de data 15/04/2026 (trámite 532 do expediente 47847-220), apróboase a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 (3ª fase) (expediente 47847-220).

En data 23/06/2026 recíbese na Área de Recursos Humanos e Formación, asinado polo secretario do órgano de selección, o documento 260175910, no que se comunica o acordo adoptado polo órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas correspondentes ao proceso selectivo para a cobertura da praza de Inspector/a de Control de Concesionarias (quenda de promoción interna), correspondente á Oferta de Emprego Público dos anos 2020, 2021 e 2022, nos seguintes termos (tenor literal):

“Ponse no seu coñecemento que o órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas correspondentes ao proceso selectivo de inspector/a control concesionarias (quenda promoción interna) correspondente á oferta pública de emprego 2020-2021-2022 celebrou sesión constitutiva o día 13 de abril de 2026. En data 5 de maio de 2026, unha vez recibida a lista de admitidos/as e excluídos/as, realizouse a valoración da fase de concurso. A mesma non puido finalizarse por non dispoñer dos certificados de servizos prestados de todos/as os/as aspirantes admitidos neste procedemento.”



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/07/2026 09:10 | Páxina 1 de 5 |
| 49156-220 | CSV: ADBABB-54A2B3-D351DA-JNFVU8-WQ26JD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

Tendo en conta que o primeiro exercicio estaba previsto para o día 12 de maio, procedeuse a realizar anuncio aprazando o mesmo.

Toda vez que xa foron recibidos os certificados e que polo órgano de selección se procedeu a realizar a fase de concurso, á vista de que a competencia para o establecemento dunha nova data do primeiro exercicio corresponde á Concellería-delegada competente en materia de persoal, o órgano de selección acordou solicitar a modificación da data de realización do primeiro exercicio, así como do lugar e hora do mesmo”.

Á vista de que a data do primeiro exercicio fora fixada para o día 12 de maio de 2026, ás 17:00 horas, na Aula da Policía Local do Concello de Vigo, segundo consta no acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/02/2026 (trámite 14 do expediente 47847-220), e considerando que, de conformidade coa Base décima das Bases xerais, nos procesos selectivos que se desenvolvan polo sistema de concurso-oposición a fase de oposición, de carácter obrigatorio e eliminatorio, debe celebrarse con posterioridade á fase de concurso, e toda vez que a lista definitiva de persoas aspirantes foi aprobada por resolución de data 15/04/2026, considerouse procedente propoñer á Concellería-delegada competente en materia de persoal a modificación da data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio, en termos que permiten levar a cabo previamente a fase de concurso, de conformidade co disposto nas Bases.

En data 29/06/2026 recíbese na Área de Recursos Humanos e Formación a dilixencia do secretario do órgano de selección, co visto e prace do presidente do órgano de selección (trámite 49 do expediente administrativo núm. 47855-220), na que se comunica que, ante a imposibilidade de contactar con todas as persoas aspirantes por falta de tempo para a publicación da convocatoria, se solicita deixar sen efecto a celebración do primeiro exercicio prevista para o día 29/06/2026, ás 17:00 horas, na sala da UNED situada no 4º andar do Auditorio Mar de Vigo, propoñéndose como nova data de celebración o día **6/07/2026, ás 17:00 horas, na Aula de Formación da Policía Local, situada nas instalacións da rúa Granada.**

A competencia para a modificación da data de celebración das probas corresponde á Concellería-delegada competente en materia de persoal, de conformidade co disposto no punto quinto do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/02/2026, polo que se aprobaron as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas, a composición dos órganos de selección e os lugares e datas das primeiras probas correspondentes á 3ª fase da Oferta de Emprego Público dos anos 2020, 2021 e 2022, que habilita expresamente á citada Concellería para modificar, mediante resolución, os lugares e datas de celebración das probas, aprobar as listas definitivas de persoas admitidas e excluídas e resolver sobre a composición dos órganos de selección nos supostos previstos no propio acordo.

En consecuencia, considérase que a modificación do calendario aprobado polo órgano municipal competente para a execución da Oferta de Emprego Público atópase suficientemente motivada por razóns de interese público e de boa administración, tanto pola necesidade de garantir o



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/07/2026 09:10 | Páxina 2 de 5 |
| 49156-220 | CSV: ADBABB-54A2B3-D351DA-JNFVU8-WQ26JD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

cumprimento do disposto na Base décima das Bases xerais —que establece que, nos procesos selectivos desenvolvidos polo sistema de concurso-oposición, a fase de oposición deberá celebrarse con posterioridade á fase de concurso— como pola conveniencia de asegurar a adecuada publicidade da convocatoria e o efectivo coñecemento da mesma por todas as persoas aspirantes, de conformidade coa solicitude formulada polo órgano de selección mediante dilixencia de data 29/06/2026.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación:

O Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, establece no artigo 4 que leva por rúbrica “contido das bases” que:

“... c) Las pruebas de aptitud o de conocimientos a superar, con determinación de su número y naturaleza. En todo caso, uno de los ejercicios obligatorios deberá tener carácter práctico.

Las de la fase de oposición tendrán carácter eliminatorio y en la realización de los ejercicios escritos deberá garantizarse, siempre que sea posible, el anonimato de los aspirantes.

En las pruebas selectivas que se realicen por el sistema de concurso-oposición, la fase de concurso, que será previa a la de oposición, no tendrá carácter eliminatorio ni podrá tenerse en cuenta para superar las pruebas de la fase de oposición...

Na mesma liña a base décima das Bases Xerais reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura de prazas vacantes incluídas nas OEP, dos anos 2020, 2021 e 2022 (3ª fase).

É unha afirmación reiterada pola xurisprudencia que as bases dun proceso selectivo son a Lei de dito proceso; é dicir, que o proceso debe ser desenvolvido con arranxo ao preceptuado polas súas bases reguladoras, vinculando estas á Administración e aos aspirantes. Neste senso a STS de data 22 de marzo de 2022), dispón: *“...Ciertamente la vinculación a las bases de la convocatoria, que tradicionalmente identificamos como la “ley del concurso”, tiene por finalidad impedir que las consecuencias derivadas del incumplimiento de los requisitos administrativos produzcan una lesión de los superiores principios de igualdad, mérito y capacidad en el acceso a la función pública (artículos. 23.2 y 103 de la CE) que deben inspirar una interpretación finalista de las bases de la convocatoria...”*

Máis recentemente o TS, Sala Tercera, do Contencioso-administrativo, Sección 4ª, na Sentencia 242/2023 de data 27 de Febreiro de 2023: *“... Esta Sala viene declarando, con carácter general y sin entrar en matizaciones que no hacen al caso, que las bases de la convocatoria de las pruebas selectivas, en este caso de un concurso-oposición, constituyen la norma que rige la selección, es lo que gráficamente se conoce como la “ley del concurso”, aunque ciertamente estemos ante un*



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/07/2026 09:10 | Páxina 3 de 5 |
| 49156-220 | CSV: ADBABB-54A2B3-D351DA-JNFVU8-WQ26JD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

acto general que impone los criterios de la selección, vinculando tanto a los participantes en el proceso selectivo, como a la Administración autora de la convocatoria. Ambos quedan, por tanto, obligados por el contenido de las bases de la convocatoria, lo que se traduce en que han de ajustar su actuación al tenor de las expresadas bases.

Supone, en definitiva, la última garantía en la salvaguarda del derecho de acceso a funciones y cargos públicos en condiciones de igualdad (artículo 23.2 de la CE), y del imperio de las condiciones de mérito y capacidad (artículo 103,3 de la CE) ...”

II.- Aplicación ao caso concreto.

Comunicadas polos órganos de selección as circunstancias que constan nos antecedentes de este informe, e sendo de obrigado cumprimento as bases da convocatoria e a normativa de aplicación referida no punto anterior dos fundamentos xurídicos de este informe, coa estrita finalidade da garantir o dereito de acceso a funcións e cargos públicos nas condicións de igualdade, mérito e capacidade establecidas na Constitución Española (artigo 23.2 e 103.3), procede a estimación da solicitude do órgano de selección da praza Inspector/a control concesionaria, incluída na 3ª fase da OEP 20-21-22 e polo tanto a modificación das datas de realización dos exercicios dos procesos selectivos.

III.-Competencia.-

Á vista do exposto, e coa conformidade das Concellerías da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e Concellería-delegada da Área de Educación e de Recursos Humanos e Formación (delegacións competencias efectuadas en data 28/06/2024), así como a habilitación á Sra. concelleira-delegada competente en materia de persoal acordado pola Xunta de Goberno Local de 27/02/2026 proponse a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Estimar a petición formulada polo órgano de selección das probas selectivas para a cobertura da praza de Inspector/a de Control de Concesionarias e, en consecuencia, modificar, de conformidade cos fundamentos recollidos no presente informe-proposta, a data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio do proceso selectivo establecidos polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/02/2026, deixando sen efecto a convocatoria prevista para o día 29 de xuño de 2026, e fixando a celebración do primeiro exercicio nos seguintes termos:

| Praza | Data | Hora | Lugar |
|--|------------|-------------|--|
| Inspector/a de Control de Concesionarias | 06/07/2026 | 17:00 horas | Aula de Formación da Policía Local, situada nas instalacións da rúa Granada, Vigo. |



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 02/07/2026 09:10 | Páxina 4 de 5 |
| 49156-220 | CSV: ADBABB-54A2B3-D351DA-JNFVU8-WQ26JD-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

Segundo.- Dispoñer que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á notificación aos órganos de selección e á publicación da presente resolución na páxina web municipal (www.vigo.org).

Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte á publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O técnico de xestión. Alejandro Lago Portela

CONFORME.-

A xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024)-. María Olga Alonso Suárez

DECRETO: vista a proposta realizada **RESOLVO** de conformidade coa mesma.

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal(resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2025).- Patricia Rodríguez Calviño

DOU FE

A secretaria

